

DIA DAS LETRAS GALEGAS 2020.

Coma en anos anteriores o 17 de Maio homenaxeamos a algunha persoaxe ilustre galega. Este ano o ilustre Don Ricardo Carvalho Calero é o homenaxeado no Día das Letras Galegas. Carvalho Calero é un referente incuestionable que acadou a canonización da historia da literatura galega.

Coma cada ano a UNED Senior da Coruña homenaxea ó protagonista que foi nomeado pra este día.

Pero este ano cheo de tristura por culpa desta pandemia que nos tocou vivir, non se pode facer ningunha celebración, pero sí lembrar aínda con máis afán a todas esas persoas que loitaron tanto por esta fermosa terra, que os viu nacer, Galiza, nosa Galiza. cántas traxedias viviche, pero a cada unha delas tí sempre sobreviviche. E aínda que esta que veu agora non é nada mellor, porque morreu moita xente sen atopar solución, e deixou en pedazos moitos corazóns.

Mais temos que loitar con todas as nosas forzas pola terra que nos deu a vida, na que tamén loitaron os nosos proxenitores e tamén en tempos moi complicados coma o homenaxeado deste día, que loitou con moito esforzo e contratempos e incluso represalias, pero nunca desistiu e ó fin conseguiu ser un ilustre e recoñecido galego nado no Ferrol.

O encanto que ten Galiza está de sobra demostrado, pero con esta pandemia aínda nos quedou máis claro. Mirando polas fiestras ou dende os nosos balcóns, chegaba o ar puro, a frescura e o arrecendo da nosa paixase verde que nos alegraba un pouco a tristura e o desconsolo de non poder ver nin sequera ós nosos fillos, nin ós netos, nin a ninguén da familia. Pero esperamos que axiña poidamos xuntarnos, recuperar o tempo perdido e tamén recapacitar sobre o pouco que somos e o moito que debemos aprender a valorar todo aquilo que temos.

E á nosa querida terra adicolle esta poesía

Galiza agarimosa
Doce e bondadosa
Galiza terra fermosa.
Non nos colle máis fachenda,
por ser fillos de Galiza,

que unha terra coma á nosa
non hai á volta da esquina.
O encanto que ten Galiza
e bó carácter da xente
son cousas que nacen nela,
non se compran nin se venden.

Gracias,

JOSEFINA CALVO SÁNCHEZ.